

REAL DECRETO 665/1997, do 24 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo.

Modificado polo Real Decreto 1124/2000, do 16 de xuño (BOE 145/2000, do 17 de xuño)

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, determina o corpo básico de garantías e responsabilidades preciso para establecer un axeitado nivel de protección da saúde dos traballadores fronte aos riscos derivados das condicións de traballo, no marco dunha política coherente, coordinada e eficaz. Segundo o artigo 6 desta, serán as normas regulamentarias as que irán fixando e concretando os aspectos máis técnicos das medidas preventivas.

Así, son as normas de desenvolvemento regulamentario as que deben fixar as medidas mínimas que se deben adoptar para a axeitada protección dos traballadores. Entre elas están as destinadas a garantir a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo.

No mesmo senso hai que ter en conta que no ámbito da Unión Europea se fixaron, mediante as correspondentes Directivas, criterios de carácter xeral sobre as accións en materia de seguridade e saúde nos centros de traballo, así como criterios específicos referidos a medidas de protección contra accidentes e situacións de risco. Concretamente, a Directiva 90/394/CEE, do 28 de xuño, relativa á protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo, establece as disposicións específicas mínimas neste ámbito. Mediante este Real Decreto procédese á transposición ao Dereito español do contido da Directiva 90/394/CEE, antes mencionada.

Na súa virtude, de conformidade co artigo 6 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, a proposta dos Ministros de Traballo e Asuntos Sociais e de Sanidade e Consumo, consultadas as organizacións empresariais e sindicais máis representativas, oída a Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación previa do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de maio de 1997,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este Real Decreto ten por obxecto, no marco da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, a protección dos traballadores contra os riscos para a súa saúde e seguridade derivados ou que se poidan derivar da exposición a axentes canceríxenos durante o traballo, así como a prevención destes riscos.

2. Mediante o presente Real Decreto establécense as disposicións mínimas aplicables ás actividades nas que os traballadores estean ou poidan estar expostos a axentes canceríxenos como consecuencia do seu traballo, sen prexuízo daquelas disposicións específicas contidas na normativa vixente relativa á prohibición de determinados axentes ou actividades canceríxenos e a relativa á protección sanitaria contra radiacións ionizantes.

No relativo á protección dos traballadores fronte aos riscos derivados de exposicións ao amianto e ao cloruro de vinilo monómero, regulada pola súa normativa específica, serán de aplicación as disposicións do presente Real Decreto cando estas sexan máis favorables para a seguridade e a saúde dos traballadores.

3. As disposicións do Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servicios de Prevención, aplicaranse plenamente ao conxunto do ámbito contemplado no apartado anterior, sen prexuízo das disposicións máis rigorosas ou específicas establecidas neste Real Decreto.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para efectos deste Real Decreto, entenderase por axente canceríxeno:

a) Unha substancia que cumpra os criterios para a súa clasificación como canceríxeno de 1ª ou 2ª categoría, establecidos na normativa relativa a notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetado de substancias perigosas.

b) Un preparado, que conteña algunha das substancias mencionadas no apartado anterior, que cumpra os criterios para a súa clasificación como canceríxeno, establecidos na normativa sobre clasificación, envasado e etiquetado de preparados perigosos.

c) Unha substancia, un preparado ou un procedemento dos mencionados no anexo I deste Real Decreto, así como unha substancia ou un preparado que se produce durante un dos procedementos mencionados no devandito anexo.

2. Entenderase por “valor límite, salvo que se especifique o contrario, o límite da media ponderada temporalmente da concentración dun axente canceríxeno no aire dentro da zona na que respira o traballador en relación cun periodo de referencia específico tal como se establece no anexo III do presente Real Decreto.

CAPÍTULO II

Obrigas do empresario

Artigo 3. *Identificación e avaliación de riscos.*

1. De acordo co establecido no artigo 2 do Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servicios de Prevención, identificados un ou máis relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo, procederase, para aqueles que non se puidesen evitar, a avaliar estes determinando a natureza, o grao e a duración da exposición dos traballadores.

2. A avaliación deberá ter en conta especialmente:

a) Toda posible vía de entrada ao organismo ou tipo de exposición, incluídas as que se produzan por absorción a través da pel ou que afecten a esta.

b) Os posibles efectos sobre a seguridade ou a saúde dos traballadores especialmente sensibles a estes

riscos.

3. A avaliación deberase repetir periodicamente e, en todo caso, cada vez que se produza un cambio nas condicións que poida afectar á exposición dos traballadores a axentes canceríxenos ou se dean as circunstancias a que se refire o apartado 4 do artigo 8 deste Real Decreto.

Artigo 4. Substitución de axentes canceríxenos.

Na medida en que sexa tecnicamente posible, o empresario evitará a utilización no traballo de axentes canceríxenos, en particular mediante a súa substitución por unha substancia, un preparado ou un procedemento que, en condicións normais de utilización, non sexa perigoso ou o sexa en menor grao para a saúde ou a seguridade dos traballadores.

Artigo 5. Prevención e redución da exposición.

1. Se os resultados da avaliación á que se refire o artigo 3 deste Real Decreto puxeran de manifesto un risco para a seguridade ou a saúde dos traballadores por exposición a axentes canceríxenos, deberase evitar esta exposición e programar a súa substitución de conformidade co establecido no artigo 4.

2. No caso de que non sexa tecnicamente posible substituír o axente canceríxeno, o empresario garantirá que a produción e utilización deste se leven a cabo nun sistema pechado.

3. Cando a aplicación dun sistema pechado non sexa tecnicamente posible, o empresario garantirá que o nivel de exposición dos traballadores se reduza a un valor tan baixo como sexa tecnicamente posible.

4. A exposición non superará o valor límite dos axentes canceríxenos establecido no anexo III do presente Real Decreto.

5. Sempre que se utilice un axente canceríxeno, o empresario aplicará todas as medidas necesarias seguintes:

a) Limitar as cantidades do axente canceríxeno no lugar de traballo.

b) Diseñar os procesos de traballo e as medidas técnicas co obxecto de evitar ou reducir ao mínimo a formación de axentes canceríxenos.

c) Limitar ao menor número posible os traballadores expostos ou que o poidan estar.

d) Evacuar os axentes canceríxenos en orixe, mediante extracción localizada ou, cando isto non sexa tecnicamente posible, por ventilación xeral, en condicións que non supoñan un risco para a saúde pública e o ambiente.

e) Utilizar os métodos de medición máis axeitados, en particular para unha detección inmediata de exposicións anormais debidas a imprevistos ou accidentes.

f) Aplicar os procedementos e métodos de traballo máis axeitados.

g) Adoptar medidas de protección colectiva ou, cando a exposición non se poida evitar por outros

medios, medidas individuais de protección.

- h) Adoptar medidas hixiénicas, en particular a limpeza regular de chans, paredes e demais superficies.
- i) Delimitar as zonas de risco, establecendo unha sinalización de seguridade e saúde axeitada, que inclúa a prohibición de fumar nestas zonas, e permitir o acceso a estas só ao persoal que deba operar nelas, excluindo os traballadores especialmente sensibles a estes riscos.
- l) Velar para que todos os recipientes, envases e instalacións que conteñan axentes canceríxenos non estean etiquetados de xeito claro e lexible e colocar sinais de perigo claramente visibles, de conformidade todo isto coa normativa vixente na materia.
- m) Instalar dispositivos de alerta para os casos de emerxencia que poidan ocasionar exposicións anormalmente altas.
- n) Dispoñer de medios que permitan o almacenamento, manipulación e transporte seguros dos axentes canceríxenos, así como para a recollida, almacenamento e eliminación de residuos, en particular mediante a utilización de recipientes herméticos etiquetados de maneira clara, inequívoca ou lexible, e colocar sinais de perigo claramente visibles, de conformidade todo isto coa normativa vixente na materia.

Artigo 6. Medidas de hixiene persoal e de protección individual.

1. O empresario, en toda actividade en que exista un risco de contaminación por axentes canceríxenos, deberá adoptar as medidas necesarias para:

- a) Prohibir que os traballadores coman, beban ou fumen nas zonas de traballo en que exista este risco.
- b) Prover aos traballadores de roupa de protección axeitada ou doutro tipo de roupa especial adecuada.
- c) Dispoñer de lugares separados para gardar de maneira separada as roupas de traballo ou de protección e as roupas de vestir.
- d) Dispoñer dun lugar determinado para o almacenamento axeitado dos equipos de protección e verificar que se limpan e se comproba o seu bo funcionamento, se fose posible con anterioridade, e, en todo caso, despois de cada utilización, reparando ou substituindo os equipos defectuosos antes dun novo uso.
- e) Dispoñer de retretes e cuartos de aseo apropiados e axeitados para uso dos traballadores.

2. Os traballadores dispoñerán, dentro da xornada laboral, de dez minutos para o seu aseo persoal antes da comida e outros dez minutos antes de abandonar o traballo.

3. O empresario responsabilizarase do lavado e descontaminación da roupa de traballo, quedando rigorosamente prohibido que os traballadores leven esta roupa ao seu domicilio para tal fin. Cando contratase tales operacións con empresas idóneas para o efecto, estará obrigado a asegurar que a roupa se envía en recipientes cerrados e etiquetados coas advertencias precisas.

4. De acordo co apartado 5 do artigo 14 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, o custo das medidas

relativas á seguridade e a saúde no traballo establecidas por este Real Decreto non debe recaer en modo ningún sobre os traballadores.

Artigo 7. Exposicións accidentais e exposicións non regulares.

1. No caso de accidentes ou de situacións imprevistas que puidesen supoñer unha exposición anormal dos traballadores, o empresario informaraos disto o antes posible e adoptará, en tanto non se eliminasen as causas que produciron a exposición anormal, as medidas necesarias para:

- a) Limitar a autorización para traballar na zona afectada aos traballadores que sexan indispensables para efectuar as reparacións ou outros traballos necesarios.
- b) Garantir que a exposición non sexa permanente e que a súa duración para cada traballador se limite ao estritamente necesario.
- c) Poñer a disposición dos traballadores afectados roupa e equipos de protección axeitados.
- d) Impedir o traballo na zona afectada dos traballadores non afectados axeitadamente.

2. Naquelas actividades non regulares, na que se poida prever a posibilidade dun incremento significativo da exposición dos traballadores, o empresario, unha vez esgotadas todas as posibilidades de adopción doutras medidas técnicas preventivas para limitar a exposición, deberá adoptar, logo de consulta aos traballadores ou aos seus representantes, as medidas necesarias para:

- a) Evitar a exposición permanente do traballador, reducindo a duración desta ao tempo estritamente necesario.
- b) Adoptar medidas complementarias para garantir a protección dos traballadores afectados, en particular poñendo á súa disposición roupa e equipos de protección axeitados que deberán utilizar mentres dure a exposición.
- c) Evitar que persoas non autorizadas teñan acceso ás zonas en que se desenvolvan estas actividades, ben delimitando e sinalizando estes lugares, ben por outros medios.

Artigo 8. Vixilancia da saúde dos traballadores.

1. O empresario garantirá unha vixilancia axeitada e específica da saúde dos traballadores en relación cos riscos por exposición a axentes canceríxenos, realizada por persoal sanitario competente, segundo determinen as autoridades sanitarias nas pautas e protocolos que se elaboren, de conformidade co establecido no apartado 3 do artigo 37 do Real Decreto polo que se aproba o Regulamento dos Servicios de Prevención. Esta vixilancia deberase ofrecer aos traballadores nas seguintes ocasións:

- a) Antes do inicio da exposición.
- b) A intervalos regulares no sucesivo, coa periodicidade que os coñecementos médicos aconsellen, considerando o axente canceríxeno, o tipo de exposición e a existencia de probas eficaces de detección precoz.

c) Cando sexa necesario por se detectar nalgún traballador da empresa, con exposición similar, algún trastorno que se poida deber á exposición a axentes canceríxenos.

O anexo II deste Real Decreto contén recomendacións prácticas en materia de vixilancia sanitaria dos traballadores.

2. Os traballadores poderán solicitar a revisión dos resultados da vixilancia da súa saúde.

3. Deberase levar un historial médico individual dos traballadores afectados.

4. O empresario deberá revisar a avaliación e as medidas de prevención e de protección colectivas e individuais adoptadas cando se detectasen alteracións da saúde dos traballadores que se poidan deber á exposición a axentes canceríxenos, ou cando o resultado dos controis periódicos, incluídos os relativos á vixilancia da saúde, poña de manifesto a posible inadecuación ou insuficiencia destas.

O médico encargado da vixilancia da saúde dos traballadores poderá propoñer medidas individuais de prevención ou de protección para cada traballador en particular.

5. Aconsellarase e informarase aos traballadores no relativo a calquera control médico que sexa pertinente efectuar con posterioridade ao cesamento da exposición. En particular, resultará de aplicación a estes traballadores o establecido no parágrafo e) do apartado 3 do artigo 37 do Real Decreto polo que se aproba o Regulamento dos Servicios de Prevención, en materia de vixilancia da saúde máis alá do remate da relación laboral.

Artigo 9. *Documentación.*

1. O empresario está obrigado a dispoñer de:

a) A documentación sobre os resultados da avaliación a que se refire o artigo 3, así como os criterios e procedementos de avaliación e os métodos de medición, análise ou ensaio utilizados.

b) Unha lista actualizada dos traballadores encargados de realizar as actividades respecto ás cales os resultados das avaliacións mencionadas no artigo 3 revelen algún risco para a seguridade ou a saúde dos traballadores, indicando a exposición á cal estivesen sometidos na empresa.

2. O empresario deberá adoptar as medidas necesarias para a conservación dos historiais médicos individuais previstos no apartado 3 do artigo 8 deste Real Decreto, sen prexuízo do establecido no artigo 22 da Lei de Prevención de Riscos Laborais.

3. Tanto a lista mencionada no apartado 1 anterior como os historiais médicos mencionados no apartado 2 deberán conservarse durante corenta anos despois de rematada a exposición, remitíndose á autoridade laboral en caso de que a empresa cese na súa actividade antes do dito prazo.

Os historiais médicos serán remitidos pola autoridade laboral á sanitaria, que os conservará, garantíndose en todo caso a confidencialidade da información neles contida. En ningún caso a autoridade laboral conservará copia dos devanditos historiais.

4. O tratamento automatizado de datos persoais só se poderá realizar nos termos establecidos na Lei

Orgánica 5/1992, do 29 de outubro, de Regulación do Tratamento Automatizado dos Datos de Carácter Persoal.

Artigo 10. *Información ás autoridades competentes.*

1. O empresario deberalles subministrar ás autoridades laborais e sanitarias, cando estas o soliciten, a información axeitada sobre:

- a) As avaliacións previstas no artigo 3, incluíndo a natureza, grao e duración das exposicións, así como os criterios e procedementos de avaliación e os métodos de medición, análise ou ensaio utilizados.
- b) As actividades ou os procedementos industriais aplicados, incluídas as razóns polas cales se utilizan axentes canceríxenos.
- c) As cantidades utilizadas ou fabricadas de substancias ou preparados que conteñan axentes canceríxenos.
- d) O número de traballadores expostos e, en particular, a lista actualizada prevista no artigo anterior.
- e) As medidas de prevención adoptadas e os tipos de equipos de protección utilizados.
- f) Os criterios e resultados do proceso de substitución de axentes canceríxenos a que se refire o artigo 4 deste Real Decreto.

2. Deberase comunicar á autoridade laboral todo caso de cancro que se recoñeza resultante da exposición a un axente canceríxeno durante o traballo.

Artigo 11. *Información e formación aos traballadores.*

1. De conformidade dos artigos 18 e 19 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, o empresario adoptará as medidas axeitadas para que os traballadores e os representantes dos traballadores reciban formación e sexan informados sobre as medidas que se teñan que adoptar en aplicación deste Real Decreto.

Así mesmo, o empresario tomará as medidas apropiadas para garantir que os traballadores reciban unha formación suficiente e axeitada e información precisa baseada en todos os datos dispoñibles, en particular en forma de instrucións, en relación con:

- a) Os riscos potenciais para a saúde, incluídos os adicionais debidos ao consumo de tabaco.
- b) As precaucións que se deberán tomar para previr a exposición.
- c) As disposicións en materia de hixiene persoal.
- d) A utilización e emprego de equipos e roupa de protección.
- e) As consecuencias da selección, da utilización e do emprego de equipos e roupas de protección.
- f) As medidas que deberán adoptar os traballadores, en particular o persoal de intervención, en caso de

incidente e para a prevención de incidentes.

2. Esta formación deberá:

a) Adaptarse á evolución dos coñecementos respecto aos riscos, así como á aparición de novos riscos.

b) Repetirse periodicamente se for preciso.

3. O empresario deberá informar aos traballadores sobre as instalacións e os seus recipientes anexos que conteñan axentes canceríxenos.

4. Así mesmo, os representantes dos traballadores e os traballadores afectados deberán ser informados das causas que deseen lugar ás exposicións accidentais e ás exposicións non regulares mencionadas no artigo 7, así como das medidas adoptadas ou que se deban adoptar para solucionar a situación.

5. Os traballadores terán acceso á información contida na documentación a que se refire o artigo 9 cando esta información sexa concernente a eles mesmos. Así mesmo, os representantes dos traballadores ou, no seu defecto, os propios traballadores terán acceso a calquera información colectiva anónima.

Artigo 12. Consulta e participación dos traballadores.

A consulta e participación dos traballadores ou os seus representantes sobre as cuestións a que se refire este Real Decreto realizaranse de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 18 da Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Disposición adicional única. Remisión de documentación e información ás autoridades sanitarias.

As autoridades laborais remitiranlles ás autoridades sanitarias copia de tanta documentación e información reciban das empresas de conformidade co establecido nos artigos 9 e 10 deste Real Decreto.

Disposición derogatoria única. Alcance da derogación normativa.

Quedan derogadas tantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste Real Decreto e expresamente os artigos 138 e 139 da Ordenanza Xeral de Seguridade e Hixiene no Traballo, aprobada pola Orde do 9 de marzo de 1971, no relativo aos riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo, así como a Orde de 14 de setembro de 1959 sobre fabricación e emprego de produtos que conteñan benceno e a Resolución do 15 de febreiro de 1977 pola que se actualizan as instrucións complementarias de desenvolvemento da Orde de 14 de setembro de 1959, que regula o emprego de disolventes e outros compostos que conteñan benceno.

Disposición final primeira. Elaboración e actualización da Guía Técnica de Riscos.

O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, de acordo co establecido no apartado 3 do artigo 5 do Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, elaborará unha Guía Técnica, de carácter non vinculante, para a avaliación dos riscos

relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo.

Disposición final segunda. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Autorízase ao Ministro de Traballo e Asuntos Sociais, logo de informe favorable do de Sanidade e Consumo, e logo de informe da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, a dictar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste Real Decreto, así como para as adaptacións de carácter estritamente técnico dos seus anexos en función do progreso técnico e da evolución de normativas ou especificacións internacionais ou dos coñecementos en materia de axentes canceríxenos.

Disposición final terceira. *Entrada en vigor.*

Este Real Decreto entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

Madrid, 12 de maio de 1997

XOÁN CARLOS R.

O Vicepresidente Primeiro do Goberno e Ministro da Presidencia
FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

ANEXO I

Lista de substancias, preparados e procedementos

[Parágrafo b) do artigo 2]

1. Fabricación de auramina.
2. Traballos que supoñan exposición aos hidrocarburos aromáticos policíclicos presentes na feluxe, o alcatrán ou a brea de hulla.
3. Traballos que supoñan exposición ao po, ao fume ou ás néboas producidas durante a calcinación e o afinado eléctrico das matas de níquel.
4. Procedemento con ácido forte na fabricación de alcol isopropílico.

ANEXO II

Recomendacións prácticas para a vixilancia sanitaria dos traballadores

1. O médico e/ou a autoridade responsable do control médico dos traballadores expostos a axentes canceríxenos deberán estar familiarizados coas condicións ou as circunstancias de exposición de cada un dos traballadores.

2. O control médico dos traballadores deberase realizar de conformidade cos principios e as prácticas da medicina do traballo; deberá incluír cando menos as seguintes medidas:

1^a.- Rexistro dos antecedentes médicos e profesionais de cada traballador.

2^a.- Entrevista persoal.

3^a.- Se é o caso, un control biolóxico, así como unha detección dos efectos precoces e reversibles.

De acordo cos coñecementos máis recentes no campo da medicina do traballo, poderase decidir a realización doutras probas para cada un dos traballadores sometidos a control médico.

ANEXO III

Valores límite de exposición profesional

Nome do axente	Einecs (1)	CAS (2)	Valores límite		Observaciones	Medidas transitorias
			mg/m3 (3)	ppm (4)		
Benceno	200-753-7	71-43-2	3,25 (5)	1 (5)	Piel (6)	Valor límite: 3 ppm (=9,75 mg/m3) aplicable ata o 27 de xuño de 2003

- (1) Eines: European Inventory of Existing Chemical Substances (Catálogo europeo de sustancias químicas comercializadas)
- (2) CAS: Chemical Abstract Service Number
- (3) mg/m³: Miligramos por metro cúbico de aire a 20 °C e 101,3 KPa (760 mm de mercurio).
- (4) ppm: partes por millón en volumen de aire. (ml/m³).
- (5) Medido ou calculado en relación cun período de referencia de oito horas.
- (6) Posible contribución importante á carga corporal total por exposición cutánea.